



SOCIEDADE A NOSA GALIZA

Xenebra, 01 de Novembro de 2009

Asunto:

Nota de prensa
Copia da Reclamación dos Centros Galegos de Suíza
Subvencións 2009 Secretaría Xeral de Emigración

Estimado(a) compatriota,

Adxunto lle remitimos unha nota de prensa e copia dos documentos relativos á reclamación e protesta dos Centros Galegos de Suíza no tocante ás Subvencións 2009 concedidas pola Secretaría Xeral de Emigración.

Aproveitamos a ocasión para presentarlle, en nome da Sociedade A Nosa Galiza e dos centros galegos en Suíza que representamos no Consello da Galeguidade, os nosos millores e distinguidos saúdos.


Pola Sociedade A Nosa Galiza

(Representante dos centros galegos de Suíza na Comisión Delegada do Consello da Galeguidade)


Antonio Sánchez Regueiro,
Secretario

Manuel Álvarez Álvarez,
Cultura

José Constenla Suárez,
Vocal









NOTA DE PRENSA

Hoxe, domingo 1 de Novembro de 2009, unha comisión dos abaixo firmantes centros galegos da emigración galega en Suíza (actualmente un dos países con máis emigrantes galegos) reuniese en Lausanne para elevar cunha sola voz a súa protesta ante a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia (SXEXG) e ante o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo.

Os centros galegos de Suíza abaixo firmantes elevamos con firmeza a nosa queixa convxunta para mostrar o noso desacordo coa política de reducción drástica das subvencións 2009 concedidas pola SXRCG, que consideramos como unha maniobra estratégica por parte de SXRCG e do goberno actual da Xunta de Galicia para rebaixar a importancia, necesidades e méritos da emigración galega en Suíza.

Asumimos esta protesta como un acto de dignidade emigrante, de desacordo e de rexemento á atitude da política actual de subvencións e axudas da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia. Promesas electorais que quedan en promesas de papel mollado como unha negra sombra persistente da dura realidade emigrante que nos tocou vivir. No alleo, en países que nos acollerón e nos ofreceron como emigrantes unha oportunidade que nos foi negada no noso propio país.

Co noso debido respeito ás institucións do goberno da nosa Terra elexido democráticamente erguemos a nosa voz, pregoamos a nosa cantiga. Queremos deixarnos sentir. Queremos deixar claro o noso compromiso e carácter dialogante e de cooperación coas institucións do noso goberno, así como a nosa obrigación e compromiso coa voz e sentir da diáspora para defender a nosa identidade e lingua e cultura galegas. Para defender a nosa razón de ser.

Despois de tantos anos de dura e laboriosa existencia non precisamos de desatentas esmolas administrativas. Demandamos un trato e axudas dignas e acordes coa nosa realidade por parte da SXEXG. Lamentamos e consideramos un deseiro irreflexivo o tratamento por parte da SXEXG cos centros galegos de Suíza que se asemella máis a unha caridade burócrata que a unha axuda ou subvención concorde coas necesidades da emigración.

Como emigrantes queremos entoar afinada a nosa voz común, reafirmada como un canto, como un asubío de melro, como un himno de fraternidade e de voz da diáspora, pero utilizando un tono e intencións más concordes cunha cantiga de escarnio e de maldicer que cunha cantiga de amigo. Que cante o melro mil primaveras máis. Namoro de gaita fina: que cante, que poida cantar e que poidamos escoitalo cantar con respeito e dignidade.

Asinado:

Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra, Sociedade Galega Semementeira de Basilea,
Centro Galego A Nosa Terra de Zug, Promoción da Cultura Galega de Lausanne,
Centro Galicia de Olten, Irmandade Galega Na Suíza de Xenebra, Centro Galego de Lucerna,
Promoción da Cultura Galega de Zurich.

Reunión de Centros Galegos de Suiza

Promoción da Cultura Galega de Lausanne, 01 de Novembro de 2009

Obxecto: Presentación dunha reclamación conxunta dos centros galegos de Suíza á SXEXG (Secretaría Xeral de Emigración, da Xunta de Galicia) con ocasión da reducción drástica das subvencións concedidas para 2009 pola SXEXG aos centros galegos.

Membros representantes dos centros galegos presentes:

Ramón Carreira, da Sociedade Semementeira de Basilea; César Polo Casal, Manuel Amarelle, José Antonio Cabanelas, da Promoción da Cultura Galega de Lausanne; Pedro Hombre, Manuel Pardal do Centro Galego A Nosa Terra de Zug; José Constenla, Antonio Sánchez e Manuel Álvarez da Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra.

1. Ábrese a reunión ás 10h50.

2. Centros aos que se enviou información sobre a convocatoria da reunión de Lausanne :

- Centro A Nosa Terra de Zug
- Promoción da Cultura Galega de Zurich
- Sociedade Semementeira de Basilea
- Centro Galego de Berna
- Irmandade Galega de Xenebra
- Promoción da Cultura Galega de Lausanne
- Centro Galego de Lucerna
- Centro Galicia de Olten
- A Nosa Galiza de Xenebra

Centros que comunicaron por escrito a súa presencia:

- Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra
- Promoción da Cultura Galega de Lausanne
- Sociedade Semementeira de Basilea
- Centro Galego A Nosa Terra de Zug

Centros que excusaron a súa asistencia á reunión de Lausanne, pero que apoian firmemente as decisións que nela fosen tomadas:

- Irmandade Galega de Xenebra
- Centro Galego de Lucerna
- Centro Galicia de Olten

Centros que non comunicaron por escrito a súa presencia ou a excusa da súa asistencia:

- Promoción da Cultura Galega de Zurich (subscribiu o seu apoio á decisión da reunión de Lausanne por teléfono o domingo 01.11.2009)
- Centro Galego de Berna

3. Acordo conxunto adoptado polos Centros galegos presentes:

- Os centros galegos de Suíza abaixo firmantes elevamos con firmeza unha protesta conxunta e razonable para mostrar o noso desacordo coa reducción drástica das subvencións 2009 concedidas pola SXEXG, que consideramos máis como unha estratexia por parte de SXEXG e do goberno actual da Xunta de Galicia para rebaixar a importancia, necesidades e méritos da emigración galega en Suíza.

- Os centros galegos de Suíza abaixo firmantes esiximos a reapertura das relacións e comunicacións directas e fluídas coa SXEG. A tal efecto, e para establecer esos canles de comunicación fluída requerimos a presencia do Secretario Xeral da SXEG en Suíza co obxecto de manter unha reunión cos centros galegos abaixo firmantes que permita o establecemento dessa comunicación ausente que consideramos conveniente, útil e necesaria; tendo ademáis en consideración a próxima reunión da Comisión Delegada do Consello da Galeguidade a celebrar en Uruguay no vindeiro mes de Decembro de 2009.

- Copia desta queixa e reivindicación conxunta será transmitida ao Presidente da Xunta de Galicia, aos representantes dos diferentes grupos políticos no Parlamento de Galicia así como ós diferentes órganos de prensa da nosa Terra.

4. Péchase a reunión e asínase a presente acta polos asistentes ás 13h10.

En Lausanne, a 01 de Novembro de 2009

Sociedade Semementeira de Basilea

Ramón Fernández Pall

Promoción da Cultura Galega de Lausanne

PR
Stéphane
Goss

Manuel Fariña

Centro

Galego A Nosa Terra de Zug

Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra

Sánchez
J. M. A.



SOCIEDADE A NOSA GALIZA

Secretaría Xeral de Emigración
Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela

Attn. : José Santiago Camba Bouzas
Secretario Xeral

Xenebra, 01 de Novembro de 2009

Asunto: Reclamación Centros Galegos de Suíza
Subvencións 2009 Secretaría Xeral de Emigración

Estimado Sr. Camba Bouzas,

Como continuación das nosas comunicacións a esa Secretaría Xeral de Emigración con data de 12 de Outubro de 2009, relativa ó acordo adoptado polos centros galegos de Suíza reunidos na Sociedade Galega Semementeira en Basilea o 11 de Outubro de 2009, así como a reclamación posterior da Sociedade A Nosa Galiza con data de 23 de Outubro de 2009, quixéramos facerlle chegar copia do acordo que foi adoptado en data de hoxe na reunión mantida na Promoción da Cultura Galega en Lausanne polos centros galegos de Suíza presentes, e polos que, áinda que ausentes da reunión, apoian firmemente as decisións tomadas.

Por mor de transparencia adxuntamos ao mesmo tempo copia da nota de prensa distribuída ós diferentes medios de prensa da nosa Terra, aos portavoces dos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia, e ao Excmo. Sr. D. Alberto Núñez Feijoo Presidente da Xunta de Galicia.

Aproveitamos a ocasión para presentarlle, en nome da sociedade A Nosa Galiza, os nosos distinguidos saúdos.

Pola Sociedade A Nosa Galiza
(Representante dos centros galegos de Suíza na Comisión Delegada do Consello da Galeguidade)

Antonio Sánchez Regueiro,
Secretario

Manuel Álvarez Álvarez,
Cultura

José Constenla Suárez,
Vocal

CC: Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia
Portavoces dos grupos políticos galegos representados no Parlamento de Galicia
Medios de prensa de Galicia



SOCIEDADE A NOSA GALIZA

Excmo. Sr. D.
Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia
Secretaría Particular
Edificios Administrativos - San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela

Xenebra, 01 de Novembro de 2009

Asunto: Copia da Reclamación dos Centros Galegos de Suíza
Subvencións 2009 Secretaría Xeral de Emigración

Estimado Sr. Presidente e compatriota,

Adxunto lle remitimos copia dos documentos relativos á reclamación e protesta dos Centros Galegos de Suíza no tocante ás Subvencións 2009 concedidas pola Secretaría Xeral de Emigración.

Aproveitamos a ocasión para presentarlle, en nome da Sociedade A Nosa Galiza e dos centros galegos en Suíza que representamos no Consello da Galeguidade, os nosos millores e distinguidos saúdos.

Pola Sociedade A Nosa Galiza
(Representante dos centros galegos de Suíza na Comisión Delegada do Consello da Galeguidade)

Antonio Sánchez Regueiro,
Secretario

Manuel Álvarez Álvarez,
Cultura

José Constenla Suárez,
Vocal

